

PREGUNTA ORAL SOBRE O ABANDONO DO CERTAME COMPOSTELA GASTRONÓMICA NO ÚLTIMO ANO

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación eleva a esa Alcaldía, para a súa inclusión na Orde do día a debater no Pleno da Corporación, a seguinte **PREGUNTA ORAL**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En setembro de 2014 celebrábase a primeira edición de Compostela Gastronómica, unha mostra da cociña galega, pensado desde e para Santiago, no que se trataban de realizar tres valores fundamentais; o produto galego, a praza de abastos e o sector da restauración local. Con ese fin, fíxose unha intensa promoción en Fitur 2015 e organizáronse as primeiras xornadas de comunicación a través das redes sociais #ComposGastroBlog.

Compostela Gastronómica foi concibida como unha marca propia para promover e difundir a nosa gastronomía ao longo de todo o ano, fomentando a desestacionalización da demanda e aumentando o gasto medio das persoas que visitan a cidade. Deste xeito, celebrouse unha edición especial no Nadal 2014-2015 e unha segunda edición en abril de 2015 que, polas súas actividades e participación de profesionais e público, supuxo a consolidación da marca Compostela Gastronómica como ferramenta para a promoción da cidade.

Ao entrar no Goberno municipal, Compostela Aberta atopouse co programa dunha segunda edición especial de Compostela Gastronómica para o Nadal 2015-2016 que deixara avanzado o Goberno do Partido Popular. Decidiu seguir mantendo esta marca gastronómica assumindo a súa celebración e afirmando que se trataba de “unha iniciativa con vocación de continuidade e de converterse en punto de referencia da cultura gastronómica galega”. Logo de 18 días de actividade o Goberno resumiu esta nova edición manifestando que o evento “afianza a súa edición especial de Nadal”.

Pouco despois, no mes de xaneiro e no marco de Fitur 2016, o Concello mantén que “a principal aposta de Turismo Santiago será a gastronomía” e que “por primeira vez a cidade contará cun calendario fixo de actividades e eventos baixo a marca Compostela Gastronómica” que comezaría na última fin de semana de xaneiro.


O certo é que desde hai máis de un ano non se ten celebrado ningunha outra edición de Compostela Gastronómica. Nin a edición principal ao longo de todo o ano 2016, nin a edición especial de Nadal 2016-2017, sen que se coñezan as motivacións desa repentina desafección do Goberno municipal pola marca Compostela Gastronómica, que –polo que sabemos- nesta ocasión nin sequera foi promocionada na recente edición de Fitur 2017, como se viña facendo.



Á vista desta situación, o Grupo Municipal Popular formula a seguinte pregunta:

Cales foron os motivos polos que non se celebrou durante o último ano ningunha edición de Compostela Gastronómica e que previsións manexa o Goberno para celebrar unha nova edición desta marca da gastronomía local?

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2017.



Maria Ángeles Antón Vilasánchez
Concelleira do Grupo Popular